

## ANUNCIO DE CONVOCATORIA

*Aprobación das bases reguladoras das axudas aos autónomos do Concello de Monfero para impulsar a actividade económica local e para paliar os efectos da crise derivada do coronavirus Covid 19*

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada o 26 de maio de 2020, acordou a aprobación da convocatoria e as bases reguladoras das axudas aos autónomos do Concello de Monfero para impulsar a actividade económica local e para paliar os efectos da crise derivada do coronavirus Covid 19. Dando cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

Monfero, 29 de maio de 2020. O ALCALDE Andrés Feal Varela

### **BASES REGULADORAS DAS AXUDAS AOS AUTÓNOMOS DO CONCELLO DE MONFERO PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA LOCAL E PARA PALIAR OS EFECTOS DA CRISE DERIVADA DO CORONAVIRUS COVID-19.**

#### **1.- Obxecto.**

Como consecuencia da emerxencia de saúde pública ocasionada polo Coronavirus COVID-19, o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional mediante o Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, en diante RD 463/2020.

O impacto que está tendo esta situación de excepcionalidade, obriga ás administracións públicas a adoptar as medidas tendentes a paliar os efectos que está sufrindo a nosa sociedade e a axudar a mitigar as consecuencias económicas e no emprego causado por esta situación.

Un dos colectivos que máis están sufrindo esta crise son as persoas traballadoras en réxime de autónomos e as microempresas afectadas polo peche dos seus negocios.

É por iso que o Concello de MONFERO pretende abordar de inmediato as accións necesarias para paliar os inevitables danos causados pola pandemia neste sector no noso municipio.

Así mesmo, a limitación da liberdade de circulación de persoas establecida no artigo 7 do RD 463/2020, do 14 de marzo, e as medidas adoptadas polo Concello de limitación da asistencia presencial directa nel como consecuencia das diferentes resolucións dos organismos competentes en materia sanitaria e de persoal, dirixidas a facilitar o exercicio de modalidades de traballo non presencial e teletraballo para minimizar a presenza de persoal nas oficinas municipais, dificultan o normal funcionamento das oficinas municipais e a atención nelas, o que obriga a simplificar o máximo posible as tramitacións a realizar.

O obxecto da presente convocatoria é a de actuar de forma inmediata sobre as consecuencias do COVID-19 e impulsar a actividade económica no Concello de MONFERO, outorgando unha axuda para paliar as perdas económicas aos afectados pola suspensión da actividade e da apertura ao público establecida no R.D. 463/2020.

Preténdese pois protexer o interese xeral da veciñanza do Concello de Monfero, establecendo unhas axudas aos que tiveron que pechar os seus establecementos ou suspender a súa actividade para minimizar o impacto da crise causada e axudar a unha

reactivación económica do noso municipio, actuando sobre os colectivos e persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

Ademais, as accións son de máxima urxencia. Por este motivo, e en aplicación do parágrafo 4º da Disposición adicional terceira do RD 463/2020, a suspensión dos prazos non se aplicará a este procedemento.

## **2.- Bases reguladoras e normativa aplicable.**

1.- A base reguladora pola que se rexe a presente convocatoria é a contida nas Bases de Execución do Orzamento vixente, que é o do 2019 prorrogado para o 2020, cuxa aprobación definitiva publicouse no B.O.P. da Coruña nº 239 o 17 de decembro de 2019 e corrección de erros publicada no B.O.P. da Coruña nº 246 o 27 de decembro de 2019.

2.- A presente convocatoria rexerese ademais, con carácter xeral, polo disposto na súas bases reguladoras, na Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local (en diante LRBRL) e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA), na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante LSG) e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, (en diante RLSG) y, supletoriamente, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPAC) e por calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidera resultar de aplicación.

## **3.- Contía das axudas**

1.- A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 40.000,00€, cantidade que se poderá ampliar sen requirir una nova convocatoria no caso de esgotar todo o crédito destinado á convocatoria e quedaran solicitudes sen atender.

2.- Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible na aplicación orzamentaria 241.47900, queda condicionado á declaración da dispoñibilidade del, antes de proceder á concesión das axudas polos importes que correspondan.

3.- A contía máxima que poderá solicitar cada unha das persoas interesadas será de 1.500,00€.

4.- Concederase unha única axuda por solicitante e actividade con independencia de que estea dado de alta en máis dun epígrafe.

5.- As axudas concedidas serán compatibles coa percepción doutras subvencións de calquera outra Administración pública ou institución privada.

En ningún caso o importe da subvención xunto co doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, poderá superar os gastos subvencionados nin a diminución dos ingresos pola actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

#### 4.- Requisitos para ser beneficiario.

a) Que a actividade económica a desenvolva un/unha autónomo/a ou unha microempresa que conte con licencia, ou título habilitante, municipal para o exercicio dela cando se leve a cabo nun local ou establecemento aberto ao público, no momento da presentación da solicitude. As microempresa son aquelas definidas conforme ao Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro así como o persoal autónomo colaborador.

b) Que a actividade se realice, total ou parcialmente, no termo municipal de Monfero.

c) Que a actividade estivese en funcionamento con anterioridade e afectada polo peche de establecementos ou suspensión da actividade dispostos no R.D. 463/2020, o que será comprobado pola administración municipal. Nos casos de cambio de titularidade, terase en conta tamén o anterior titular para a acreditación e comprobación deste extremo e o beneficiario será só o novo titular.

d) Que a persoa solicitante da axuda estea empadroadado no Concello de Monfero na data de sinatura da solicitude e durante os seis meses posteriores.

e) Que continúe realizando a actividade, como mínimo, durante os seis meses seguintes á finalización do estado de alarma

f) Estar afiliado e de alta no momento da declaración de estado de alarma (14 de marzo de 2020) en na data da solicitude, que non poderá ser anterior en tres días hábiles á da súa presentación no Concello, no Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia o autónomos.

Quedan excluídos os autónomos que tamén traballan por conta allea ou perciban algún tipo de pensión ou axuda periódica.

g) Non atoparse en ningunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 e 13.3 da LXS, e en particular, estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal (AEAT), autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Estes requisitos deberán cumprirse na data de sinatura da solicitude e ata a data de pagamento da subvención.

h) Non ter ningunha débeda pendente co Concello de MONFERO nin no momento da concesión da axuda nin na do seu pagamento.

i) Ter xustificada calquera subvención que fora concedida anteriormente polo Concello de MONFERO, sempre que rematara o período de xustificación correspondente.

j) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterà as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

## **5.- Prazo e forma de presentación das solicitudes.**

1.- A información para a obtención das subvencións reguladas nesta convocatoria estará dispoñible na páxina web municipal do Concello de MONFERO e na súa sede electrónica.

2.- As solicitudes presentaranse preferentemente a través da Sede Electrónica Xeral do Concello de MONFERO; <https://sede.monfero.es>, con sinatura dixital. No caso de que non sexa posible facelo así, tendo en conta a situación sanitaria, as circunstancias excepcionais do estado de alarma e á natureza da actividade económica, poderá presentarse a solicitude, e a documentación que se lle achegue dixitalizada, de forma excepcional, mediante o seu envío á dirección de correo electrónico [correo@monfero.es](mailto:correo@monfero.es), pero só terá validez se a/o empregada/o pública/o do Concello encargada/o da tramitación pode comprobar a súa veracidade, vía telefónica, aos números que lle consten fidedignamente como de titularidade da/o interesada/o, acreditándoo por dilixencia. No caso de que non sexa posible a dita comprobación con garantías, deberán presentarse os orixinais no Concello, ou ratificar o xa presentando, con sinatura física. En todo caso, priorizarase a xestión non presencial, por medios electrónicos e telefónicos.

A presentación da solicitude implica a conformidade do solicitante coa non suspensión de prazos e termos, de acordo co establecido na Disposición adicional terceira, parágrafo terceiro, do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarando o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada por COVID-19.

3.- O prazo para presentar as solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións. O Concello concederá un prazo de ata 10 días hábiles para a emenda das deficiencias nas solicitudes. Estes prazos poderán ser prorrogados se concorresen razóns xustificadas de interese público. O Concello declarará o desistimento na súa petición daquelas persoas cuxa solicitude non se axuste ao establecido nas bases ou nos modelos anexos, e non tivera emendado as deficiencias no dito prazo.

4.- Serán causas de inadmisibilidade da solicitude de subvención a presentación desta fóra do prazo establecido, a non utilización dos procedementos establecidos de uso obrigatorio ou a falta de presentación da documentación requirida nestas bases.

## **6.- Documentación a achegar.**

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) DNI ou NIE.

b) Deberase presentar "CERTIFICADO do estado censual" emitido pola Axencia Tributaria, actualizado, no que se indica a data de inscrición na actividade, o epígrafe, o enderezo onde se desenvolve a actividade e as obrigas periódicas do solicitante coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) ou autorización para a súa comprobación.

c) Resolución / certificación de inscrición no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente e informe sobre a vida laboral que acredite a situación na data de declaración do estado de alarma

d) Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria. Dadas as especiais circunstancias, tamén se aceptará a presentación de calquera documento (recibo, copia da libreta de aforro, etc.) que posibilite a identificación do número de conta e o seu titular.

e) Certificados acreditativos de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, para la obtención de subvenciones segundo a LXS. Este requisito debera cumprirse na data da solicitude e ata a data de pagamento da subvención, se for o caso.

O resto de circunstancias comprobaranse de oficio polo Concello coas excepcións que se indican máis adiante.

2.- No caso de persoas xurídicas, sociedades, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, ademais deberán presentar:

a) CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Escritura e estatutos/contrato de constitución da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

c) Alta no réxime da Seguridade social correspondente da persoa administradora.

d) DNI/NIE e acreditación dos poderes da persoa administradora ou do representante e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

3.- No momento de formalizar a solicitude, o declarante adoptará os compromisos e pronunciarase expresamente sobre os seguintes extremos:

- Que a actividade que desenvolve conta con licenza, ou título habilitante, municipal para o seu exercicio no local ou establecemento aberto ao público no que se realiza e viuse afectada polo peche de establecementos ou suspensión de actividades disposto polo Real decreto 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, e que non percibe pensión ou axuda periódica de ningún tipo nin realiza traballo ningún por conta allea.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista nestas bases.

- Que a persoa solicitante está empadroadada no Concello de Monfero, que adquire o compromiso de continuar empadroadada durante os seguintes seis meses e que non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto parágrafos 2 e 3 do artigo 13 e no parágrafo 5 do artigo 34 dela, que non ten débeda ningunha co Concello de Monfero nin pendente de xustificación ningunha subvención deste.

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e a continuar desenvolvendo a actividade, como mínimo, durante os seis meses seguintes á finalización do estado de alarma

- Que a persoa solicitante comprométese a comunicar as subvencións concedidas con anterioridade á presentación da solicitude de subvención para o mesmo obxecto e a comunicar o antes posible as axudas obtidas despois da presentación da dita solicitude, e a que, en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.
- Que en ningún caso o importe da subvención xunto con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, superan a diminución dos ingresos pola actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus, e que a persoa solicitante acepta a esixencia e comprométese ao reembolso automático total ou parcial da subvención (polo importe correspondente), de non poder acreditar de forma fiable a xuízo do Concello, no prazo de dez días, a contar desde o seguinte ao do requirimento que se formule, no seu caso, que o importe da subvención, xunto co doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, non excede da diminución dos ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.
- Que a persoa solicitante está de acordo coa continuidade deste procedemento e coa tramitación da modificación orzamentaria, ou orzamento, que lle proporcione crédito e coa non suspensión de prazos e termos, de acordo co establecido na Disposición adicional terceira, parágrafo terceiro, do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarando o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada por COVID-19.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

## **7.- Procedemento.**

1.- A concesión das subvencións efectuarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS, establecéndose como criterio para a orde na tramitación a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

2.- O órgano instrutor do procedemento será a AEDL, que se encargará de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida. Os membros da Xunta de Goberno Local integrarán a Comisión de valoración, encargada da avaliación das solicitudes, que emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

3.- Procedemento de concesión: Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrencia non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria, tramitándose a súa concesión por estrito orde de rexistro de entrada (data e hora) das solicitudes. No caso de non presentar unha solicitude a documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a data e hora da última presentación relativa á devandita solicitude. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, até esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente

- O órgano instrutor comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas. A comisión de valoración emitirá informe concretando o resultado da mesma que, por conduto do órgano instrutor, someterase á aprobación da Xunta de Goberno Local

4.- Publicación: Previamente a elaborar a proposta de concesión, publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, e no taboleiro anuncios do Concello, as seguintes listaxes:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida nas Bases con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgaráselles o prazo de 5 días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida. Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o órgano Instrutor elevará a proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procedáanse á súa posterior publicación.

5.- Resolución, notificación e recursos: A concesión das subvencións será aprobada por resolución da Xunta de Goberno Local trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

6.- As subvencións concedidas de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015 e publicaranse para os efectos de notificación páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios do Concello así como na BDNS.

7.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de catro meses a contar a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

8.- A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **8.- Obrigas dos beneficiarios.**

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Manter a actividade empresarial durante os seguintes 6 meses, como mínimo, contados a partir do día seguinte ao da publicación da finalización do estado de alarma.

b) Manterse empadroada a persoa solicitante no Concello de Monfero durante os seguintes 6 meses, como mínimo, contados a partir do día seguinte ao da publicación da finalización do estado de alarma.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

d) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos no caso de incumprir a obriga establecida de manter o empadramento ou a actividade empresarial durante os 6 meses desde a finalización do estado de alarma e nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da LXS.

e) Cumprir as restantes obrigas establecidas nestas bases e as que detalla o artigo 14 da LXS.

f) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

## **9.- Xustificación das axudas.**

1.- O control das obrigas esixidas nesta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio coas excepcións que se indican deseguido e aquelas outras que se puideran considerar necesarias.

2.- A persoa beneficiaria das axudas deberá presentar no sétimo mes a contar a partir do día seguinte ao da finalización do estado de alarma:

a) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.

b) Resolución / certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.

c) Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesouraría xeral da Seguridade Social que abarque os 6 meses posteriores á finalización do estado de alarma

d) Facturas efectivamente pagadas no período comprendido entre o 01.03.2020 e o 30.09.2020, correspondentes aos seguintes gastos:

- Compra de existencias.

- Gastos de aluguer.

- Servizos de profesionais, gastos de xestión, primas de seguros (parte proporcional correspondente aos 6 meses),

- Subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, electricidade, gas, servizos de seguridade, seguridade social do traballador autónomo.

- Gastos de material de protección e desinfección e da realización das adaptacións necesarias para desenvolver a actividade de acordo coas novas esixencias derivadas da crise sanitaria

e) Declaración de que o importe total da subvención foi destinado á finalidade prevista nela e que, xunto con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, non superan a diminución dos ingresos pola actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

## **10. Pagamento da subvención.**

1.- O pagamento destas subvencións realizarase anticipadamente nun pagamento único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, no prazo de dez días a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

## **11. Reintegro de las subvenciones.**

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexeráse polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións. Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter o empadramento ou a actividade empresarial durante os 6 meses establecidos nas Bases reguladoras procederá o reintegro do importe da subvención por estes conceptos.

3.- Tal e como se establece nestas bases, as axudas concedidas serán compatibles coa percepción doutras subvenciones procedentes de calquera outra Administración Pública o Institución Privada. Non obstante, en ningún caso o importe de la subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público o privado poderá superar a merma de ingresos da actividade como consecuencia da crisis provocada polo coronavirus. No caso de que sexa así, tamén procederá o reintegro da axuda municipal na súa totalidade, ou na parte que corresponda en función das outras axudas percibidas.

4.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Órgano Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora até o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa parte.

## **12.- Recursos e impugnacións.**

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos termos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

### **Disposición final.**

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras.

## **ANEXO I**

### **SOLICITUDE DE AXUDAS A AUTÓNOMOS PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA NO CONCELLO DE MONFERO E PARA PALIAR OS EFECTOS DA CRISE DERIVADA DO CORONAVIRUS COVID- 19**

#### **1.- DATOS DA/O SOLICITANTE**

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

DNI/NIE: \_\_\_\_\_ Enderezo \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ Núm. \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

Provincia \_\_\_\_\_ Teléfono \_\_\_\_\_ Correo electrónico \_\_\_\_\_

En nome ou representación de:

\_\_\_\_\_

#### **2.- DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

##### **Notifíquese a: (marcar cun X)**

Persoa ou entidade solicitante:

Persoa ou entidade representante:

##### **Medio de notificación preferente: (marcar cun X)**

Electrónica:

(a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada).

Postal:

(cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Enderezo

\_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_

Correo electrónico \_\_\_\_\_

### **3.- DATOS DA ACTIVIDADE**

Localización/Enderezo fiscal: \_\_\_\_\_

Descrición da actividade: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Epígrafe IAE: \_\_\_\_\_

Código CNAE: \_\_\_\_\_

Representante/DNI: \_\_\_\_\_

Forma  
xurídica: \_\_\_\_\_

(Sociedade Mercantil , Comunidade de bens, Sociedade Civil, Outras...)

### **4.- DOCUMENTACIÓN que se achega con esta solicitude**

#### **4.1.- Por todos os solicitantes:**

a) DNI ou NIE

b) CERTIFICADO do estado censual emitido pola Axencia Tributaria, actualizado, no que se indica a data de inscrición na actividade, o epígrafe, o enderezo onde se desenvolve a actividade e as obrigas periódicas do solicitante coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) ou autorización para a súa comprobación.

c) Resolución / certificación de inscrición no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente e informe sobre a vida laboral que acredite a situación na data de declaración do estado de alarma.

d) Modelo de designación de conta bancaria, certificación bancaria ou documento (recibo, copia da libreta de aforro, etc.) que posibilite a identificación do número de conta e o seu titular.

e) Certificados acreditativos de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, para la obtención de subvenciones segundo a LXS.



- Que a actividade que desenvolve conta con licencia, ou título habilitante, municipal para o seu exercicio no local ou establecemento aberto ao público no que se realiza e viuse afectada polo peche de establecementos ou suspensión de actividades disposto polo Real decreto 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, e que non percibe pensión ou axuda periódica de ningún tipo nin realiza traballo ningún por conta allea.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista nestas bases.
- Que a persoa solicitante está empadroada no Concello de Monfero, que adquire o compromiso de continuar empadroada durante os seguintes seis meses e que non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto parágrafos 2 e 3 do artigo 13 e no parágrafo 5 do artigo 34 dela, que non ten débeda ningunha co Concello de Monfero nin pendente de xustificación ningunha subvención deste.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e a continuar desenvolvendo a actividade, como mínimo, durante os seis meses seguintes á finalización do estado de alarma
- Que a persoa solicitante comprométese a comunicar as subvencións concedidas con anterioridade á presentación da solicitude de subvención para o mesmo obxecto e a comunicar o antes posible as axudas obtidas despois da presentación da dita solicitude, e a que, en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.
- Que en ningún caso o importe da subvención xunto con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, superan a diminución dos ingresos pola actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus, e que a persoa solicitante acepta a esixencia e comprométese ao reembolso automático total ou parcial da subvención (polo importe correspondente), de non poder acreditar de forma fiable a xuízo do Concello, no prazo de dez días, a contar desde o seguinte ao do requirimento que se formule, no seu caso, que o importe da subvención, xunto co doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, non excede da diminución dos ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.
- Que a persoa solicitante está de acordo coa continuidade deste procedemento e coa tramitación da modificación orzamentaria, ou orzamento, que lle proporcione crédito e coa non suspensión de prazos e termos, de acordo co establecido na Disposición adicional terceira, parágrafo terceiro, do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarando o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada por COVID-19.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

En Monfero, de do 2020

Asdo:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO**

**ANEXO III**

**XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS**

***DOCUMENTACIÓN que se achega:***

- a) Certificado actualizado de Situación Censual que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- b) Resolución / certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.
- c) Informe de Vida Laboral da empresa expedido pola Tesouraría xeral da Seguridade Social que abarque os 6 meses posteriores á finalización do estado de alarma
- d) Facturas efectivamente pagadas no período comprendido entre o 01.03.2020 e o 30.09.2020, correspondentes aos seguintes gastos:
  - Compra de existencias.
  - Gastos de aluguer.
  - Servizos de profesionais, gastos de xestión, primas de seguros (parte proporcional correspondente aos 6 meses),
  - Subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, electricidade, gas, servizos de seguridade, seguridade social do traballador autónomo.
  - Gastos de material de protección e desinfección e da realización das adaptacións necesarias para desenvolver a actividade de acordo coas novas esixencias derivadas da crise sanitaria

***DECLARACIÓN RESPONSABLE:***

***O comunicante declara, baixo a súa responsabilidade:***

- Que o importe total da subvención foi destinado á finalidade prevista nela e que, xunto con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, non superan a diminución dos ingresos pola actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus

En Monfero, de do 2020

Asdo

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO**